

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (as 2 últimas, da G11 e G12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números G1 e G12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folha autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Escolla a serie CORRECTA:

- A) Reír, hirmá, praia.
- B) Rir, irmá, praia.
- C) Rir, hirmá, praia.
- D) Rir, irmá, plaia.

2. Indique a palabra de xénero feminino:

- A) Marxe.
- B) Mel.
- C) Leite.
- D) Paxe.

3. Sinale a frase CORRECTA:

- A) Esos libros son meus.
- B) Eu teño cuarenta euros.
- C) Tivo que recorrer a un avogado.
- D) Nunca saberás quenes fixérono.

4. Indique cal das seguintes palabras NON se refire a unha parte do corpo humano:

- A) Lóstrego.
- B) Tempa.
- C) Nocello.
- D) Embigo.

5. Indique a palabra de xénero feminino:

- A) Sinal.
- B) Dose.
- C) Garaxe.
- D) Sangue.

6. Sinale a palabra INCORRECTA:

- A) Tolerancia.
- B) Techo.
- C) Moreno.
- D) Cubrir.

7. Sinale a relación INCORRECTA singular/plural:

- A) Lei / Leis.
- B) Calor / Calores.
- C) Lacazán / Lacazanes.
- D) Sol / Soles.

8. O XURO é:

- A) Unha expresión de cólera, un insulto.
- B) O diñeiro que produce un capital.
- C) Un aparello de madeira que suxeita unha parella de animais.
- D) Unha substancia que se inxecta para combater os efectos dun veneno.

9. Indique a palabra de xénero masculino:

- A) Reciclaxe.
- B) Lume.
- C) Fronte.
- D) Ponte.

10. Indique a palabra INCORRECTA:

- A) Maestro.
- B) Maior.
- C) Curto.
- D) Ovo.

Preguntas de reserva

1. Indique cal das seguintes palabras NON se refire a unha parte do corpo humano:

- A) Beizo.
- B) Xeonllo.
- C) Fronte.
- D) Trasno.

2. Sinale a palabra INCORRECTA:

- A) Delante.
- B) Venres.
- C) Oitavo.
- D) Laranxa.